

**ÓRGANO:** IES Gonzalo Torrente Ballester. Pontevedra

**PROCEDEMENTO:** Adaptación da programación da materia para o 3º trimestre do curso 2019 - 2020

**AXENTE EMISOR:** Departamento de latín (Xefatura de departamento: José R. Couto Fariña)

**DESTINATARIO/S:** Dirección do centro / Inspección educativa

**TIPO DE DOCUMENTO:** Informe elaborado sobre adaptación de programación da materia de latín nos diferentes niveis de impartición

**DATA DE ELABORACIÓN:** 30 de abril de 2020

**FUNDAMENTACIÓN NORMATIVA:** Instrucións do 27 de abril, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019-2020

**IDENTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA AFECTADA:**

- **Curso:** 4º
- **Ensinanza:** Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)
- **Trimestre:** 3º
- **Materia:** Latín
- **Tipo de materia:** Troncal
- **Sesións semanais:** 3 h
- **Profesorado responsable:** José Ramón Couto Fariña

**CONTIDO DO INFORME:**

## 1. ADAPTACIÓN DE CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

### ADAPTACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

#### Principios utilizados para o proceso de adaptación:

- Renuncia ao cumprimento exhaustivo do establecido para este trimestre na programación , mediante:
  - a) a fusión dos bloques de LINGUA LATINA e TEXTUS, nun só onde predominarán os elementos comúns e dando prioridade ao de LINGUA LATINA
  - b) eliminación do bloque ROMA: HISTORIA ET VITA, por non consideralo decisivo para a continuidade dos estudos do alumnado e ser interdisciplinar.
  - c) redución ao mínimo imprescindible (que resulte significativo para o alumnado e responda ao espírito da materia neste nivel e etapa) do bloque LEXICUM.
- Centrarse exclusivamente naqueles que son máis relevantes e imprescindibles para :
  - a) a continuidade do alumnado no proceso educativo.
  - b) a resposta específica aos mínimos da materia, mediante o reforzo e consolidación das aprendizaxes realizadas durante os 2 primeiros trimestres.
- Priorizar a progresión e consecución dos obxectivos xerais.

#### Traballo que se vai desenvolver no 3º trimestre:

- Reforzo xeral do impartido nas avaliacións 1ª e 2ª.
- Recuperación daquelas aprendizaxes non consolidadas suficientemente por todo o alumnado.
- Recuperación do alumnado con avaliacións suspensas.
- O traballo centrarase con carácter xeral en:
  - a) 1ª, 2ª e 3ª declinacións de adxectivos e substantivos.
  - b) Tempos verbais en voz activa do modo indicativo dos temas de presente (presente, pretérito imperfecto e futuro) e de pasado (pretérito perfecto).
  - c) Análise e tradución (con vocabulario incluído) de oracións simples e compostas por coordinación.
  - d) Léxico: cultismos e patrimoniais.

### Craterios de avaliación adaptados ás circunstancias especiais da 3ª avaliación:

De acordo co antedito e en consonancia coas instrucións recibidas, o departamento realiza a seguinte adaptación da programación neste nivel identificando e valorando especialmente as aprendizaxes máis relevantes e competencias imprescindibles para asegurar a continuidade do proceso formativo do alumnado, baseándonos nos principios de reforzo e consolidación das aprendizaxes adquiridas nos dous primeiros trimestres do curso, e tendo como obxectivo fundamental deste terceiro trimestre fomentar as rutinas de traballo e o hábito de estudo. De todo isto despréndese que neste trimestre non se vai realizar ningunha ampliación de coñecementos con respecto aos que xa foron abordados polo alumnado nas dúas avaliacións presenciais.

#### **a) Identificación de aprendizaxes para o 3º trimestre do curso 2019-2020**

Os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que se van empregar son os seguintes, de acordo cos dous bloques temáticos establecidos como centros de traballo:

BLOQUE LINGUA LATINA	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
B.3.4: Coñecer as declinacións e encadrar correctamente as palabras en cada unha delas.	LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
B.3.5: Coñecer as conxugacións e encadrar os verbos en cada unha delas.	LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado. LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.
B.3.6: Recoñecer os tempos verbais da voz activa impartidos	LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto
B.4.1: Coñecer e analizar as palabras na oración activa	LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.
B.4.2: Coñecer o nome dos casos e identificar as súas funcións.	LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.
B.3.5:Coñecer as regras de concordancia adxectivo-substantivo	LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina
BLOQUE LEXICUM	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
B.1.5: Distinguir e identificar palabras patrimoniais e cultismos	LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.

**b) Identificación de competencias imprescindibles para o 3º trimestre do curso 2019-2020**

Dada a identificación de aprendizaxes supraescritas, as competencias que estas aprendizaxes avaliarán serán as seguintes:

COMPETENCIA	PONDERACIÓN
Competencia en comunicación lingüística (CCL)	70%
Competencia aprender a aprender (CAA)	20%
Competencia dixital (CD)	5%
Competencia en matemáticas, ciencias e tecnoloxía (CMCCT)	5%

**2. CONTIDOS DE REPASO (CONSOLIDACIÓN), REFORZO E /OU AMPLIACIÓN  
(Período: 3º trimestre 2019/2020)**

**2.1 Identificación de contidos para reforzo, repaso e recuperación no 3º trimestre do curso 2019-2020**

BLOQUE LINGUA LATINA
<ul style="list-style-type: none"><li>• Flexión nominal : substantivos e adxectivos (1ª, 2ª e 3ª declinacións)</li><li>• Flexión verbal (en indicativo e voz activa): presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto.</li><li>• Elementos da oración simple (copulativa e predicativa).</li><li>• Casos latinos. Identificación e funcións sintácticas</li><li>• Concordancia (adxectivo-substantivo e suxeito-verbo)</li></ul>
BLOQUE LEXICUM
Palabras patrimoniais e cultismos (lista pechada traballada na aula na 2ª avaliación).

## 2.2 Unidades didácticas de recuperación e reforzo

Ud.	Título	Descrición do contido	Sesións
1	Latín, lingua flexiva	Categorías nominais Categorías verbais Concordancias	1
2	Flexión nominal e verbal. Tipos de oracións	1ª declinación Presente de verbos regulares e SUM Elementos oración atributiva Elementos oración predicativa Concordancias	3
3	Flexión nominal (substantivos e adxectivos) e verbal	2ª declinación: masculinos, femininos e neutros Adxectivos 2 1 2 Pretérito imperfecto Concordancias e elementos oracionais. Análise e tradución de oracións con elementos básicos	3
4	Flexión nominal (substantivos e adxectivos) e verbal. Léxico	3ª declinación consonántica Futuro imperfecto Análise e tradución de oracións con funcións básicas. Nexos de coordinación copulativa Patrimoniais e cultismos de lista pechada	6
5	Flexión nominal (substantivos e adxectivos) e verbal. Léxico	3ª declinación consonántica e vocálica Pretérito perfecto Análise e tradución de oracións con funcións básicas. Nexos de coordinación adversativa Patrimoniais e cultismos de lista pechada.	6
6	Flexión nominal (substantivos e adxectivos) e verbal. Léxico	3ª declinación mixta. Flexión adxectival da 3ª declinación (adxectivos de 2 terminacións). Repaso de flexión verbal Elementos fundamentais das oracións predicativas e atributivas e tradución. Repaso de nexos de coordinación. Patrimoniais e cultismos de lista pechada.	7
TOTAL			26

## 2.3 . Unidades didácticas de avance ou ampliación

Ud.	Título	Descrición do contido	Sesións
Non procede. Dadas as especiais características deste 3º trimestre, adóptase a decisión de reforzar e consolidar ou, de ser o caso, recuperar os contidos xa impartidos nas dúas primeiras avaliacións, e non realizar ningún avance de coñecementos.			

### **3. DESEÑO DAS ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, REFORZO E/OU AMPLIACIÓN (Período: 3º trimestre 2019/2020)**

#### **3.1 Principios da adaptación**

Para realizar esa adaptación, o departamento partirá dos seguintes principios:

- Desenvolvemento de actividades a través das ferramentas que mellor poden efectuar un seguimento do alumnado.
- Planificación de tarefas para o período telemático da 3ª avaliación: Redución significativa do tempo de dedicación semanal ás tarefas, co fin de que teñan suficiente tempo para o resto das materias e para lecer:
  - a) Máximo de 2 tarefas semanais.
  - b) Tempo máximo previsto de dedicación semanal: **40 minutos semanais**
  - c) Redución experimentada con respecto á modalidade presencial: (redución de como mínimo 1/3 da actividade semanal en período presencial)
- O profesor contactará individualmente co alumnado que teña que recuperar coñecementos de avaliacións anteriores para concretar e establecer as tarefas de recuperación. Para aquel alumnado que nas avaliacións presenciais teña resultado negativo realizaranse (en principio, por vía telemática) tarefas de recuperación adaptadas e tendo en conta a situación actual (medios utilizados) para a súa realización.
- Previsión de realizar 2 probas obxectivas avaliáveis (en principio, por vía telemática). Para estes efectos, terase en conta que o resultado obtido nestas probas non poderá afectar negativamente aos resultados xa obtidos polo alumnado nas dúas primeiras avaliacións presenciais.

#### **3.2 Medios utilizados:**

- Correo electrónico proporcionado polo alumnado no inicio de curso: neste nivel, o número de alumnado que o utilizou durante o período de confinamento foi de 18/19 (inicialmente) e 18/18 (baixa oficial dunha alumna)
- Classroom da materia con contidos e actividades formativas adaptadas: neste nivel, o número de alumnado que o utilizou durante o período de confinamento foi de 15/18 na fase inicial, por problemas técnicos e de conexión ; e finalmente foi de 18/18
- Hangouts (en función da súa viabilidade): na primeira sesión a participación foi case dun 100%, só unha alumna non puido participar por problemas técnicos, pero continúa o contacto a través de correo e classroom. Cando solucione os problemas técnicos incorporárase.

#### **3.3 Flexibilidade e particularidade de uso por parte do alumnado:**

- As tarefas poden presentarse con certo retraso respecto da data inicial establecida.
- Distribución por días de clase semanal, cunha redución temporal sensible de dedicación entre o período presencial e período non presencial.
- Oportunidade, para o alumnado, de enviar conxuntamente as actividades dun período semanal.

## 4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO

### 4.1 PROCEDEMENTO PARA CALCULAR A CUALIFICACIÓN FINAL NA CONVOCATORIA ORDINARIA

#### 4.1.1 Instrumentos e procedementos de avaliación para aplicar na obtención de nota de cualificación parcial no 3º trimestre:

- **Instrumentos:**

a) Actividades xerais realizadas polo alumnado vía telemática: entrega por parte do alumnado, corrección do profesor e devolución.

b) Actividades (vía telemática) específicas realizadas polo alumnado, valoradas cuantitativa e obxectivamente: debidamente entregadas, corrixis e devoltas. Como mínimo haberá 1 , e como máximo, 2. No caso de ser 2, aplicarase a media resultante.

- **Procedementos:**

As actividades xerais e específicas (con valoración obxectiva) do 3º trimestre suporán unha mellora e nunca unha penalización das cualificacións obtidas na 1ª e 2ª avaliacións. A cuantificación desa mellora será globalmente de 2 puntos como máximo e determinarase atendendo ao cumprimento dos seguintes apartados:

a) O alumnado entrega un mínimo do 50 % da totalidade de actividades configuradas como xerais. Esta condición acreditará a mellora de 1 punto.

b) O alumnado realiza e entrega as actividades previstas como específicas e avaliáveis, obtendo nas mesmas unha cualificación mínima de 4 ptos. Esta condición acreditará a mellora de 1 punto (minorando o 50% deste total de 1 pto, con cada punto de diminución na obtención da nota mínima esixida na proba: por exemplo, 3 puntos na proba significa 0,5 de mellora neste apartado, sen prexuízo da cualificación obtida no apartado a) anterior )

#### 4.1.2 Instrumentos e procedementos de avaliación para aplicar na obtención de nota final na materia:

- **Instrumentos :**

a) Cualificación obtida na 1ª avaliación

b) Cualificación obtida na 2ª avaliación

c) Cualificación obtida na 3ª avaliación (só para mellora dos resultados obtidos na 1ª e 2ª avaliacións)

- **Procedementos:**

- a) **Casuística aplicable:**

- Alumnado coa 2ª avaliación superada e a 1ª suspensa:

- Este alumnado, de acordo cos principios de avaliación continua recollidos na programación do departamento, ten o curso superado ata ese momento. De acordo coas instrucións do día 28 de abril, todo o traballo que realice no 3º trimestre non penalizará os resultados obtidos no período presencial. Deste xeito, este tipo de alumnado terá como nota media da 1ª e 2ª avaliacións:

- ❖ A nota obtida na 2ª avaliación

- Alumnado coas avaliacións 1ª e 2ª aprobadas:

- Este alumnado, de acordo cos principios de avaliación continua recollidos na programación do departamento, ten o curso superado ata ese momento. De acordo coas instrucións do día 27 de abril, todo o traballo que realice no 3º trimestre non penalizará os resultados obtidos no período presencial. Deste xeito, este tipo de alumnado terá como nota media da 1ª e 2ª :

- ❖ Nota media dos resultados obtidos na 1ª e 2ª avaliacións + un arredondeo decimal, de ser o caso, á nota superior, ou (de non haber decimais na nota media) incremento de 0,5 pts (co conseguinte arredondeo decimal) da nota media.

- b) **Procedemento de recuperación de partes non superadas**

- Aquel alumnado que teña a 2ª avaliación suspensa (e de acordo co criterio de avaliación continua teña o curso con avaliación negativa ata ese momento) será obxecto de recuperación durante esta 3ª avaliación (por darse as actuais circunstancias excepcionais), a través dunha ou máis proba/s específica/s (en principio, vía telemática) sobre os contidos impartidos e na que deberá resolver cuestións exclusivamente ligadas aos bloques de LINGUA LATINA e LEXICUM. Estas probas serán moi similares ás realizadas durante o período presencial, coa diferenza de que os contidos estarán reducidos a bloques concretos. A valoración de cada bloque será a que se recolle no punto sobre os criterios de cualificación. Todo isto sen prexuízo do índice de mellora que se recolle no apartado referido ao traballo desenvolvido na 3ª avaliación.



### c) Procedemento para calcular a obtención da nota final de curso na convocatoria ordinaria

A fórmula aplicable para a obtención da nota final na avaliación ordinaria da materia no curso 2019-2020, e unha vez realizadas as probas de recuperación do alumnado coa materia suspensa durante o período presencial, será a seguinte:

**NOTA MEDIA DAS AVALIACIÓNS 1ª - 2ª + MELLORA (de ata máximo de 2 pts) da 3ª.**

Se esa suma sae, como mínimo, un resultado igual a 4 pts, significará unha cualificación positiva na materia.

#### 4.1.3 Criterios de cualificación

Convocatoria ordinaria
BLOQUE LINGUA LATINA: 70 % (morfoloxía: 35%; sintaxe: 15%; tradución: 20%)
BLOQUE LEXICUM: 30 %

## 4. 2 CONFIGURACIÓN DA PROBA DE AVALIACIÓN DA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

### 4.2.1 Características da proba de avaliación da convocatoria extraordinaria

#### 4.2.1.1 ASPECTOS AVALIABLES:

##### BLOQUE LINGUA LATINA:

CONTIDOS	CONCRECIÓNS
Latín, lingua flexiva	Categorías nominais Categorías verbais Concordancias
Flexión nominal e verbal. Tipos de oracións	1ª declinación Presente de verbos regulares e SUM Elementos oración atributiva Elementos oración predicativa Concordancias
Flexión nominal (substantivos e adxectivos) e verbal	2ª declinación: masculinos, femininos e neutros Adxectivos 2 1 2 Pretérito imperfecto Concordancias e elementos oracionais. Análise e tradución de oracións con elementos básicos.
Flexión nominal (substantivos e adxectivos) e verbal.	3ª declinación consonántica Futuro imperfecto Análise e tradución de oracións con funcións básicas. Nexos de coordinación copulativa
Flexión nominal (substantivos e adxectivos) e verbal.	3ª declinación consonántica e vocálica Pretérito perfecto Análise e tradución de oracións con funcións básicas. Nexos de coordinación adversativa
Flexión nominal (substantivos e adxectivos) e verbal.	3ª declinación mixta. Flexión adxectival da 3ª declinación (adxectivos de 2 terminacións). Repaso de flexión verbal Elementos fundamentais das oracións predicativas e atributivas e tradución. Repaso de nexos de coordinación.

##### BLOQUE LEXICUM:

CONTIDOS	CONCRECIÓNS
Léxico	Patrimoniais e cultismos de lista pechada.

#### 4.2.1.2 ESTRUCTURA DA PROBA:

- BLOQUE LINGUA LATINA : 7 PUNTOS (obtidos a partir dun mínimo de 5 cuestións e un máximo de 7 cuestións). Cada cuestión indicará a puntuación que se pode acadar se se contesta correctamente.
- BLOQUE LEXICUM: 3 PUNTOS (obtidos a partir dun mínimo de 3 cuestións e un máximo de 5 cuestións). Cada cuestión indicará a puntuación que se pode acadar se se contesta correctamente.

#### 4.2.1.3 Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

Aplicaranse a esta proba os mesmos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe recollidos no apartado 1 onde se detalla a adaptación dos criterios de avaliación: punto a) "Identificación de aprendizaxes para o 3º trimestre do curso 2019-2020"

#### 4.2.2 Criterios de cualificación

Convocatoria extraordinaria
BLOQUE LINGUA LATINA: 70 % (morfoloxía: 35%; sintaxe: 15%; tradución: 20%)
BLOQUE LEXICUM: 30 %

#### 4.3 Procedemento para o cálculo da cualificación final da proba extraordinaria

Tendo en conta as especiais características deste curso, para a obtención da nota desta proba atenderase á seguinte fórmula:

$$\text{BLOQUE LINGUA LATINA} + \text{BLOQUE LEXICUM} = 4 \text{ ptos} = \text{aprobado}$$

As notas superiores a ese mínimo reflectiranse na correspondente acta de avaliación coa puntuación obtida (derivada da suma de bloques) e serán susceptibles de arredondeo decimal ao número inmediatamente superior.

#### 4.4 Data, hora e lugar de realización da proba extraordinaria

A data, hora e lugar en que se realizará esta proba extraordinaria dependerá da organización xeral do centro educativo, polo que o alumnado deberá informarse coa debida antelación no centro e/ou a través das canles que este teña establecidas para dar tal información.

### 5. CRITERIOS DE PROMOCIÓN/TITULACIÓN

En consonancia co espírito das instrucións das autoridades educativas, ditadas ao abeiro das especiais circunstancias de confinamento e de dificultades específicas xurdidas pola modalidade de ensino non presencial, para os hipotéticos casos en que, unha vez aplicadas as pautas establecidas para a obtención de nota final, houberse alumnado que teña a materia valorada negativamente, este departamento acorda que a materia de latín non será obstáculo para a obtención de titulación do alumnado de 4º de ESO . En consecuencia, aprobarase a aquel alumnado que, mesmo obteña unha puntuación inferior ao mínimo establecido.

## 6. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo e, de ser o caso, ampliación)

### 6.1 ACTIVIDADES

Recóllense nos seguintes apartados e puntos deste informe:

- APARTADO 1 (Traballo que se vai desenvolver no 3º trimestre)
- APARTADO 2
- APARTADO 3 (punto 3.1)
- APARTADO 4 (punto 4.1.1)

### 6.2 METODOLOXÍA (alumnado con conectividade e sen conectividade)

Ademais do recollido no apartado 3, no que se especifica a variedade de ferramentas utilizadas para facilitar o contacto e realización de tarefas por parte do alumnado,

#### Actuacións practicadas:

- Detección de alumnado que non se incorporou inicialmente e coñecemento das causas polas que deixou de participar nun determinado momento no ensino telemático.
- De ser o caso, informarase ao persoal titor e/ou ao centro sobre este tipo de desconexión.

#### Tipo de uso realizado polo profesor cos medios telemáticos:

- Avisos e comunicacións
- Contactos para resolución de dúbidas
- Aclaracións sobre tarefas
- Planificación e organización do traballo
- Corrección de actividades e devolución ao alumnado cos comentarios pertinentes.

#### Tipo de uso que pode realizar o alumnado:

- Consultas xerais
- Resolución de dúbidas concretas sobre tarefas ou explicacións
- Frecuencia de uso "ad libitum"

<b>6.3 MATERIAIS E RECURSOS</b>	
<b>Recursos e materiais</b>	<b>Descrición</b>
Libro de texto	Manual ordinario existente no mercado editorial (Ed. Casals), que conta cos apartados do currículo deste nivel e onde o alumnado poderá consultar os contidos que se requiren para a realización de tarefas telemáticas
Material elaborado polo departamento e xa entregado e traballado polo alumnado durante as 2 primeiras avaliacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Pautas de análise e tradución de frases latinas</li> <li>• Flexión nominal (substantivos e adxectivos: 1ª, 2ª e 3ª declinacións)</li> <li>• Formación dos tempos verbais</li> <li>• Lista pechada de palabras latinas coa súa resolución en cultismos e patrimoniais</li> </ul>

## **7. LIÑAS XERAIS DE PREPARACIÓN DO CURSO 2020/2021 (DE SER O CASO)**

Non procede realizar ningún tipo de adaptación sobre contidos non impartidos neste nivel, porque o curso de 1º de bacharelato, na materia obxecto desta programación, non esixe ningún coñecemento previo do alumnado.

## **8. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE DO DOCUMENTO**

De acordo coas instrucións recibidas (apartado 6.13 das Directrices Xerais), as modificacións realizadas na programación correspondente a este nivel da materia de latín:

- a) Serán enviadas á dirección do centro, para a súa publicación e o seu traslado á inspección educativa, antes do 12 de maio.
- b) Serán enviadas (en extracto) ao alumnado correspondente para o seu coñecemento e información. Medio utilizado: correo electrónico. Outros medios para aclaracións e resolución de dúbidas: Classroom e videochamadas (Hangouts)
- c) Serán recollidas como ANEXO á acta correspondente do departamento, co fin de deixar constancia das actividades realizadas por este durante o período de ensino por vía telemática.

**ÓRGANO:** IES Gonzalo Torrente Ballester. Pontevedra

**PROCEDEMENTO:** Adaptación da programación da materia para o 3º trimestre do curso 2019 - 2020

**AXENTE EMISOR:** Departamento de latín (Xefatura de departamento: José R. Couto Fariña)

**DESTINATARIO/S:** Dirección do centro / Inspección educativa

**TIPO DE DOCUMENTO:** Informe elaborado sobre adaptación de programación da materia de latín nos diferentes niveis de impartición

**DATA DE ELABORACIÓN:** 30 de abril de 2020

**FUNDAMENTACIÓN NORMATIVA:** Instrucións do 27 de abril, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019-2020

**IDENTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA AFECTADA:**

- **Curso:** 1º
- **Ensinanza:** Bacharelato
- **Trimestre:** 3º
- **Materia:** Latín
- **Tipo de materia:** Troncal
- **Sesións semanais:** 4 h
- **Profesorado responsable:** José Ramón Couto Fariña

**CONTIDO DO INFORME:**

## 1. ADAPTACIÓN DE CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

### Principios utilizados para o proceso de adaptación:

- Renuncia ao cumprimento exhaustivo do establecido para este trimestre na programación, mediante:
  - a) a fusión dos bloques LINGUA LATINA e TEXTUS nun só, onde serán prioritarios e determinantes as aprendizaxes relacionadas co bloque LINGUA LATINA.
  - b) a eliminación do bloque ROMA: HISTORIA ET VITA , por non consideralo decisivo para a continuidade dos estudos do alumnado no próximo curso.
  - c) a eliminación do bloque de LEXICUM, por non consideralo determinante e existir a posibilidade dun tratamento específico no curso de nivel superior
- Centrarse exclusivamente naquelas aprendizaxes que son máis relevantes e imprescindibles para :
  - a) a continuidade do alumnado no proceso educativo (especialmente considerando a elección da materia en 2º).
  - b) a resposta específica aos mínimos da materia, mediante o reforzo e consolidación das aprendizaxes realizadas durante os 2 primeiros trimestres.
- Permitir a concreción das adaptacións necesarias da programación didáctica do próximo curso 2020-2021, mediante a incorporación de obxectivos e contidos non impartidos.
- Priorizar a progresión e consecución dos obxectivos xerais.

### **Traballo que se vai desenvolver no 3º trimestre:**

- Reforzo xeral do impartido nas avaliacións 1ª e 2ª.
- Recuperación daquelas aprendizaxes non consolidadas suficientemente por todo o alumnado.
- Recuperación do alumnado con avaliacións suspensas.
- O traballo centrarase con carácter xeral en:
  - a) 1ª, 2ª e 3ª declinacións de adxectivos e substantivos, 4ª declinación e 5ª declinación.
  - b) Flexión pronominal e graos do adxectivo
  - c) Tempos verbais en voz activa e pasiva do modo indicativo e subxuntivo dos temas de presente e de pasado. Elementos fundamentais da oración pasiva
  - d) A construción de relativo (con modo indicativo)
  - e) Análise e tradución (con vocabulario incluído) de oracións simples e compostas por coordinación e de relativo.

### **Criterios de avaliación adaptados ás circunstancias especiais da 3ª avaliación:**

De acordo co antedito e en consonancia coas instrucións recibidas, o departamento realiza a seguinte adaptación da programación neste nivel identificando e valorando especialmente as aprendizaxes máis relevantes e competencias imprescindibles para asegurar a continuidade do proceso formativo do alumnado, baseándonos nos principios de reforzo e consolidación das aprendizaxes adquiridas nos dous primeiros trimestres deste curso, e tendo como obxectivo fundamental deste 3º trimestre o fomento das rutinas de traballo e o hábito de estudo. De todo isto despréndese que neste trimestre só se vai ampliar aqueles apartados que xa estaban avanzados antes da finalización do período presencial ou iniciados (por vía telemática) antes do 30 de marzo e, conseguintemente, con anterioridade á publicación das instrucións do 27 de abril.

**a) Identificación de aprendizaxes para o 3º trimestre do curso 2019-2020**

Os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que se van empregar son os seguintes, de acordo cos bloques temáticos establecidos como centros de traballo:

<b>BLOQUE LINGUA LATINA</b>	
<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
B3.1 Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras	LA1B3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.
B3.2 Distinguir os tipos de palabras a partir do seu enunciado	LA1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.
B3.3 Comprender o concepto de declinación e conjugación	LA1B3.3.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos de declinación e conjugación
B3.4 Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente	LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoo segundo a súa categoría e a súa declinación. LA1B3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
B3.5 Coñecer as conjugacións, encadrar os verbos dentro da súa conjugación, enuncialos e conxugalos correctamente	LA1B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conjugación partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal. LA1B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conjugación. LA1B3.5.3. Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.
B3.6 Analizar o funcionamento dos temas verbais latinos de presente e de perfecto, e recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir deles, tanto en voz activa como voz pasiva	LA1B3.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un. LA1B3.6.2. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.
B3.8 Traducir ao galego e ao castelán as formas verbais latinas e comparar os sistemas verbais	LA1B3.8.1. Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán
B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	LA1B4.1.1. Analiza morfoloxicamente e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións que realizan na oración.
B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.	LA1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos.
B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.	LA1B4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina.
B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	LA1B4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características
B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas (especificamente, a oración de relativo).	LA1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas (especificamente a oración de relativo), e sinala e explica en cada caso as súas características.



**b) Identificación de competencias imprescindibles para o 3º trimestre do curso 2019-2020**

Dada a identificación de aprendizaxes supraescritas, as competencias que estas aprendizaxes avaliarán serán as seguintes:

COMPETENCIA	PONDERACIÓN
Competencia en comunicación lingüística (CCL)	70%
Competencia aprender a aprender (CAA)	20%
Competencia dixital (CD)	5%
Competencia en matemáticas, ciencias e tecnoloxía (CMCCT)	5%

**2. CONTIDOS DE REPASO (CONSOLIDACIÓN), REFORZO E /OU AMPLIACIÓN  
(Período: 3º trimestre 2019/2020)**

**2.1 Identificación de contidos para reforzo, repaso e recuperación no 3º trimestre do curso 2019-2020**

BLOQUE LINGUA LATINA
<ul style="list-style-type: none"><li>• B3.1. Formantes das palabras.</li><li>• B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables</li><li>• B3.3. Concepto de declinación e conxugación.</li><li>• B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.</li><li>• B3.5. Flexión verbal.</li><li>• B4.1. Elementos da oración.</li><li>• B4.2. Casos latinos.</li><li>• B4.3. Concordancia.</li><li>• B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas. A oración pasiva</li><li>• B4.5. Oración composta: coordinación e subordinación (adxectiva ou de relativo)</li></ul>

## 2.2 Unidades didácticas de recuperación e reforzo

Ud.	Título	Descrición do contido	Sesións
1	Latín, lingua flexiva	Categorías nominais Categorías verbais Concordancias	1
2	Flexión nominal e verbal. Tipos de oracións	1ª declinación e 2ª declinación Presente e imperfecto indicativo (activo e pasivo) de verbos regulares e do SUM Elementos oración atributiva Elementos oración predicativa Concordancias Adxectivos 2 1 2	2
3	Flexión nominal (substantivos e adxectivos) e verbal. Sintagmas e oracións	3ª declinación:consonántica Futuro imperfecto Adxectivos 3 3 Concordancias e elementos oracionais. Análise de oracións con elementos básicos Sintagma preposicional	4
4	Flexión nominal (substantivos e adxectivos) e verbal. Sintagmas e oracións (coordinadas)	3ª declinación vocálica e mixta Adxectivos de 1 terminación Pretérito perfecto e pluscuamperfecto indicativo activos O grao dos adxectivos e a comparación adxectival Análise de oracións con funcións básicas. Nexos de coordinación	6
5	Flexión nominal (substantivos e adxectivos) e verbal. Sintagmas e oracións (coordinadas)	4ª e 5ª declinacións O grao dos adxectivos e a complementación do superlativo Tempos activos do modo subxuntivo Análise de oracións con funcións básicas. Nexos de coordinación	6
6	Flexión pronominal e verbal (voz pasiva). Sintaxe da pasiva	Flexión pronominal: persoais, posesivos, demostrativos. A voz pasiva (indicativo tempos tema de presente). Elementos da oración pasiva.	7
TOTAL			26

## 2.3 Unidades didácticas de avance ou ampliación

Ud.	Título	Descrición do contido	Sesións
1	Flexión verbal (pasiva). Elementos da oración pasiva	A voz pasiva (indicativo tempos tema de pasado). Elementos da oración pasiva.	4
2	Flexión pronominal (pronome relativo): elementos da construción relativa.	Flexión pronominal: o relativo A construción de relativo. Identificación, análise e tradución	4
TOTAL			8

### 3. DESEÑO DAS ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, REFORZO E/OU AMPLIACIÓN (Período: 3º trimestre 2019/2020)

#### 3.1 Principios de adaptación

Para realizar esa adaptación, o departamento partirá dos seguintes principios:

- Desenvolvemento de actividades a través das ferramentas que mellor poden efectuar un seguimento do alumnado.
- Planificación de tarefas para o período telemático da 3ª avaliación: Redución significativa do tempo de dedicación semanal ás tarefas, co fin de que teñan suficiente tempo para o resto das materias e para lecer:
  - a) Máximo de 2 tarefas semanais.
  - b) Tempo máximo previsto de dedicación semanal: **50 minutos semanais**
  - c) Redución experimentada con respecto á modalidade presencial: (redución de como mínimo 3/4 da actividade semanal en período presencial)
- O profesor contactará individualmente co alumnado que teña que recuperar coñecementos de avaliacións anteriores para concretar e establecer as tarefas de recuperación. Para aquel alumnado que nas avaliacións presenciais teña resultado negativo realizaranse (en principio, por vía telemática) tarefas de recuperación adaptadas e tendo en conta a situación actual (medios utilizados) para a súa realización.
- Previsión de realizar 2 probas obxectivas avaliáveis (en principio, por vía telemática). Para estes efectos, terase en conta que o resultado obtido nestas probas non poderá afectar negativamente aos resultados xa obtidos polo alumnado nas dúas primeiras avaliacións presenciais.

#### 3.2 Medios utilizados:

- Correo electrónico proporcionado polo alumnado no inicio de curso: neste nivel, o número de alumnado que o utilizou durante o período de confinamento foi de 15/16
- Classroom da materia con contidos e actividades formativas adaptadas: neste nivel, o número de alumnado que o utilizou durante o período de confinamento foi de 14/16 na fase inicial, por problemas técnicos e de conexión ; e finalmente foi de 15/16.

- Hangouts (en función da súa viabilidade): na primeira sesión a participación foi case dun 100%. Só un alumno non logrou conectarse por problemas técnicos e persoais (posible abandono).

### **3.3 Flexibilidade e particularidade de uso por parte do alumnado:**

- As tarefas poden presentarse con certo retraso respecto da data inicial establecida.
- Distribución por días de clase semanal, cunha redución temporal sensible de dedicación entre o período presencial e período non presencial.
- Oportunidade, para o alumnado, de enviar conxuntamente as actividades dun período semanal.

## **4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO**

### **4.1 PROCEDEMENTO PARA CALCULAR A CUALIFICACIÓN FINAL NA CONVOCATORIA ORDINARIA**

#### **4.1.1 Instrumentos e procedementos de avaliación para aplicar na obtención de nota de cualificación parcial no 3º trimestre:**

- **Instrumentos:**

a) Actividades xerais realizadas polo alumnado vía telemática: entrega por parte do alumnado, corrección do profesor e devolución.

b) Actividades (vía telemática) específicas realizadas polo alumnado, valoradas cuantitativa e obxectivamente: debidamente entregadas, corrixiadas e devoltas. Como mínimo haberá 1 , e como máximo, 2. No caso de ser 2, aplicarase a media resultante.

- **Procedementos:**

As actividades xerais e específicas (con valoración obxectiva) do 3º trimestre suporán unha mellora e nunca unha penalización das cualificacións obtidas na 1ª e 2ª avaliacións. A cuantificación desa mellora será globalmente de 2 puntos como máximo e determinarase atendendo ao cumprimento dos seguintes apartados:

- a) O alumnado entrega un mínimo do 50 % da totalidade de actividades configuradas como xerais. Esta condición acreditará a mellora de 1 punto.
- b) O alumnado realiza e entrega as actividades previstas como específicas e avaliáveis, obtendo nas mesmas unha cualificación mínima de 4 pts. Esta condición acreditará a mellora de 1 punto (minorando o 50% deste total de 1 pto, con cada punto de diminución na obtención da nota mínima esixida na proba: por exemplo, 3 puntos na proba significa 0,5 de mellora neste apartado, sen prexuízo da cualificación obtida no apartado a) anterior ).

#### **4.1.2 Instrumentos e procedementos de avaliación para aplicar na obtención de nota final na materia:**

- **Instrumentos :**

- a) Cualificación obtida na 1ª avaliación
- b) Cualificación obtida na 2ª avaliación
- c) Cualificación obtida na 3ª avaliación (só para a mellora dos resultados obtidos na 1ª e 2ª avaliacións)

- **Procedementos:**

- a) Casuística aplicable:**

- Alumnado coa 2ª avaliación superada e a 1ª suspensa:

Este alumnado, de acordo cos principios de avaliación continua recollidos na programación do departamento, ten o curso superado ata ese momento. De acordo coas instrucións do día 27 de abril, todo o traballo que realice no 3º trimestre non penalizará os resultados obtidos no período presencial. Deste xeito, este tipo de alumnado terá como nota media da 1ª e 2ª avaliacións:

- ❖ A nota obtida na 2ª avaliación

- Alumnado coas avaliacións 1ª e 2ª aprobadas:

Este alumnado, de acordo cos principios de avaliación continua recollidos na programación do departamento, ten o curso superado ata ese momento. De acordo coas instrucións do día 28 de abril, todo o traballo que realice no 3º

trimestre non penalizará os resultados obtidos no período presencial. Deste xeito, este tipo de alumnado terá como nota media da 1ª e 2ª :

- ❖ Nota media dos resultados obtidos na 1ª e 2ª avaliacións + un arredondeo decimal, de ser o caso, á nota superior, ou (de non haber decimais na nota media) incremento de 0,5 pts (co conseguinte arredondeo decimal) da nota media.

#### **b) Procedemento de recuperación de partes non superadas**

Aquel alumnado que teña a 2ª avaliación suspensa (e de acordo co criterio de avaliación continua teña o curso con avaliación negativa ata ese momento) será obxecto de recuperación durante esta 3ª avaliación (por darse as actuais circunstancias excepcionais), a través dunha ou máis proba/s específica/s (en principio, vía telemática) sobre os contidos impartidos e na que deberá resolver cuestións exclusivamente ligadas ao bloque de LINGUA LATINA. Estas probas serán moi similares ás realizadas durante o período presencial, coa diferenza de que os contidos estarán reducidos a bloques concretos. A valoración de cada bloque será a que se recolle no punto sobre os criterios de cualificación. Todo isto sen prexuízo do índice de mellora que se recolle no apartado referido ao traballo desenvolvido na 3ª avaliación.

#### **c) Procedemento para calcular a obtención da nota final de curso na convocatoria ordinaria**

A fórmula aplicable para a obtención da nota final na avaliación ordinaria da materia no curso 2019-2020, e unha vez realizadas as probas de recuperación do alumnado coa materia suspensa durante o período presencial, será a seguinte:

**NOTA MEDIA DAS AVALIACIÓNS 1ª - 2ª + MELLORA (de ata máximo de 2 pts) da 3ª.**

Se desa suma sae, como mínimo, un resultado igual a 4 pts, significará unha cualificación positiva na materia.

### 4.1.3 Criterios de cualificación

<b>Convocatoria ordinaria</b>
BLOQUE LINGUA LATINA: 100% (morfología: 35%; sintaxe: 35%; traducción: 30%)

## 4.2 CONFIGURACIÓN DA PROBA DE AVALIACIÓN DA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

### 4.2.1 Características da proba de avaliación da convocatoria extraordinaria

#### 4.2.1.1 ASPECTOS AVALIABLES:

<b>BLOQUE LINGUA LATINA</b>	
<b>CONTIDOS</b>	<b>CONCRECIÓNS</b>
Latín, lingua flexiva	Categorías nominais Categorías verbais Concordancias
Flexión nominal e verbal. Tipos de oracións	1ª declinación e 2ª declinación Presente e imperfecto indicativo (activo e pasivo) de verbos regulares e do SUM Elementos oración atributiva Elementos oración predicativa Concordancias Adxectivos 2 1 2
Flexión nominal (substantivos e adxectivos) e verbal. Sintagmas e oracións	3ª declinación: consonántica Futuro imperfecto Adxectivos 3 3 Concordancias e elementos oracionais. Análise de oracións con elementos básicos Sintagma preposicional
Flexión nominal (substantivos e adxectivos) e verbal. Sintagmas e oracións (coordinadas)	3ª declinación vocálica e mixta Adxectivos de 1 terminación Pretérito perfecto e pluscuamperfecto indicativo activos O grao dos adxectivos e a comparación adxectival Análise de oracións con funcións básicas. Nexos de coordinación
Flexión nominal (substantivos e adxectivos) e verbal. Sintagmas e oracións (coordinadas)	4ª e 5ª declinacións O grao dos adxectivos e a complementación do superlativo Tempos activos do modo subxuntivo Análise de oracións con funcións básicas. Nexos de coordinación
Flexión pronominal e verbal (voz pasiva). Sintaxe da pasiva	Flexión pronominal: persoais, posesivos, demostrativos. A voz pasiva (indicativo tempos tema de presente). Elementos da oración pasiva.
Latín, lingua flexiva	Categorías nominais Categorías verbais Concordancias
Flexión nominal e verbal. Tipos de oracións	1ª declinación e 2ª declinación Presente e imperfecto indicativo (activo e pasivo) de verbos regulares e do SUM Elementos oración atributiva Elementos oración predicativa Concordancias Adxectivos 2 1 2
Flexión verbal (pasiva). Elementos da oración pasiva	A voz pasiva (indicativo tempos tema de pasado). Elementos da oración pasiva.
Flexión pronominal (pronome relativo): elementos da construción relativa.	Flexión pronominal: o relativo A construción de relativo. Identificación, análise e traducción

#### 4.2.1.2 ESTRUCTURA DA PROBA

BLOQUE LINGUA LATINA : 10 PUNTOS (obtidos a partir dun mínimo de 7 cuestións e un máximo de 10 cuestións). Cada cuestión indicará a puntuación que se pode acadar se se contesta correctamente.

#### 4.2.1.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES NA PROBA

Aplicaranse a esta proba os mesmos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe recollidos no apartado 1 onde se detalla a adaptación dos criterios de avaliación: punto a) "Identificación de aprendizaxes para o 3º trimestre do curso 2019-2020"

#### 4.2.2 Criterios de cualificación

Convocatoria extraordinaria
BLOQUE LINGUA LATINA: 100 % (morfoloxía: 35%; sintaxe: 35%; tradución: 30%)

#### 4.3 Procedemento para o cálculo da cualificación final da proba extraordinaria

Tendo en conta as especiais características deste curso, para a obtención da nota desta proba atenderase á seguinte fórmula:

$$\text{BLOQUE LINGUA LATINA} = 4 \text{ ptos} = \text{aprobado}$$

As notas superiores a ese mínimo reflectiranse na correspondente acta de avaliación coa puntuación obtida (derivada da suma de apartados/preguntas) e serán susceptibles de arredondeo decimal ao número inmediatamente superior.

#### 4.4 Data, hora e lugar de realización da proba

A data, hora e lugar en que se realizará esta proba extraordinaria dependerá da organización xeral do centro educativo, polo que o alumnado deberá informarse coa debida antelación no centro e/ou a través das canles que este teña establecidas para dar tal información.

### 5. CRITERIOS DE PROMOCIÓN/TITULACIÓN

En consonancia co espírito das instrucións das autoridades educativas, ditadas ao abeiro das especiais circunstancias de confinamento e de dificultades específicas xurdidas pola modalidade de ensino non presencial, para os hipotéticos casos en que, unha vez aplicadas as pautas establecidas para a obtención de nota final, houbese alumnado que teña a materia valorada negativamente, este departamento acorda que a materia de latín non será obstáculo para a obtención da promoción de curso do alumnado de 1º de BACHARELATO. En consecuencia, aprobarase a aquel alumnado que, mesmo obteña unha puntuación inferior ao mínimo establecido.



## 6. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo e, de ser o caso, ampliación)

### 6.1 ACTIVIDADES

Recóllense nos seguintes apartados e puntos deste informe:

- APARTADO 1 (Traballo que se vai desenvolver no 3º trimestre)
- APARTADO 2
- APARTADO 3 (punto 3.1)
- APARTADO 4 (punto 4.1.1)

### 6.2 METODOLOXÍA (alumnado con conectividade e sen conectividade)

Ademais do recollido no apartado 3, no que se especifica a variedade de ferramentas utilizadas para facilitar o contacto e realización de tarefas por parte do alumnado,

#### Actuacións practicadas:

- Detección de alumnado que non se incorporou inicialmente e coñecemento das causas polas que deixou de participar nun determinado momento no ensino telemático.
- De ser o caso, informarase ao persoal titor e/ou ao centro sobre este tipo de desconexión.

#### Tipo de uso realizado polo profesor cos medios telemáticos:

- Avisos e comunicacións
- Contactos para resolución de dúbidas
- Aclaracións sobre tarefas
- Planificación e organización do traballo
- Corrección de actividades e devolución ao alumnado cos comentarios pertinentes.

#### Tipo de uso que pode realizar o alumnado:

- Consultas xerais
- Resolución de dúbidas concretas sobre tarefas ou explicacións
- Frecuencia de uso "ad libitum"

### 6.3 MATERIAIS E RECURSOS

Materiais e recursos	Descrición
Libro de texto	Manual ordinario existente no mercado editorial (Ed. Casals), que conta cos apartados do currículo deste nivel e onde o alumnado poderá consultar os contidos que se requiren para a realización de tarefas telemáticas
Material elaborado polo departamento e xa entregado e traballado polo alumnado durante as 2 primeiras avaliacións, así como envío telemático de material adaptado ás unidades de ampliación.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Pautas de análise e tradución de frases latinas</li><li>• Flexión nominal (substantivos e adxectivos). Graos do adxectivo</li><li>• Formación dos tempos verbais</li><li>• Flexión pronominal</li><li>• Conxugación verbal: activa e pasiva</li><li>• A oración pasiva</li><li>• A oración relativa</li></ul>

### 7. LIÑAS XERAIS DE PREPARACIÓN DO CURSO 2020/2021 (DE SER O CASO)

Tendo en consideración que durante o 3º trimestre deste nivel se renunciou explicitamente a manter con exhaustividade o programado inicialmente e se realizou unha adaptación de bloques, contidos e criterios de avaliación para adecualos ás circunstancias excepcionais, resulta lóxico que neste nivel se realice para o curso próximo (xa que esta é unha materia de continuidade) unha readaptación da programación do curso (2020-2021), para incluír os contidos deste 3º trimestre que necesitarían ser abordados para o inicio do nivel de 2º. Non se debe confundir neste asunto o que é repaso e ampliación de contidos de 1º (que xa se realiza e contempla ordinariamente na programación de 2º) coa introdución de elementos non impartidos no nivel de 1º. Para estes efectos, este departamento (agás instrucións das autoridades educativas en senso distinto ou que modifique esta formulación) realizará a necesaria adaptación para impartir en 2º curso as aprendizaxes non abordadas en 1º, tendo en conta así mesmo as conclusións que se deriven da avaliación inicial correspondente. A adaptación fundamentarase nos seguintes elementos (tempo e contidos/criterios de avaliación):

**a) Período temporal no que se aplicará a readaptación e inclusión de contidos non impartidos no nivel de 1º:**

- Primeiro trimestre do curso 2020-2021 (meses de setembro e outubro; como máximo ata mediados de novembro).

**b) Relación de aprendizaxes que non son impartidos en 1º e que deberán incorporarse como aspectos fundamentais da programación de 2º curso:**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas ( <b>só se abordou a oración relativa</b> ). Oracións subordinadas con nexos universais CUM, UT, NE, QUOD	LA1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características.
B4.6. Coñecer as funcións das formas non persoais nas oracións: infinitivo e participio.	LA1B4.6.1. Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso.
B4.7. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecue	LA1B4.7.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece.

## 8. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE DO DOCUMENTO

De acordo coas instrucións recibidas (apartado 6.13 das directrices xerais), as modificacións realizadas na programación correspondente a este nivel da materia de latín:

- a) Serán enviadas á dirección do centro, para a súa publicación e o seu traslado á inspección educativa, antes do 12 de maio.
- b) Serán enviadas (en extracto) ao alumnado correspondente para o seu coñecemento e información. Medio utilizado: correo electrónico. Outros medios para resolución de dúbidas e aclaracións: Classroom e Hangouts (videochamadas).
- c) Serán recollidas como ANEXO na acta correspondente do departamento, co fin de deixar constancia das actividades realizadas por este durante o período de ensino por vía telemática.

**ÓRGANO:** IES Gonzalo Torrente Ballester. Pontevedra

**PROCEDEMENTO:** Adaptación da programación da materia para o 3º trimestre do curso 2019 - 2020

**AXENTE EMISOR:** Departamento de latín (Xefatura de departamento: José R. Couto Fariña)

**DESTINATARIO/S:** Dirección do centro / Inspección educativa

**TIPO DE DOCUMENTO:** Informe elaborado sobre adaptación de programación da materia de latín nos diferentes niveis de impartición

**DATA DE ELABORACIÓN:** 30 de abril de 2020

**FUNDAMENTACIÓN NORMATIVA:** Instrucións do 27 de abril, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019-2020

**IDENTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA AFECTADA:**

- **Curso:** 2º
- **Ensinanza:** Bacharelato
- **Trimestre:** 3º
- **Materia:** Latín
- **Tipo de materia:** Troncal
- **Sesións semanais:** 4 h
- **Profesorado responsable:** José Ramón Couto Fariña

**CONTIDO DO INFORME:**

## **1. ADAPTACIÓN DE CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

### **Principios utilizados para o proceso de adaptación:**

- Renuncia ao cumprimento exhaustivo do establecido para este trimestre na programación . En concreto, renúnciase ao tratamento dun dos autores establecidos para a tradución de textos (FEDRO)
- Centrarse exclusivamente naqueles que son máis relevantes e imprescindibles para :
  - a) a continuidade do alumnado no proceso educativo: 4 bloques da ABAU
  - b) a resposta específica aos mínimos da materia, mediante o reforzo e consolidación das aprendizaxes realizadas durante os 2 primeiros trimestres .
  - c) implementación de autor literario pendente e implementación da parte proporcional correspondente a esta 3ª avaliación en toponimia, derivación-composición e locucións
- Priorizar a progresión e consecución dos obxectivos xerais: Análise e tradución de textos (ponderación na ABAU = 70%).

### **Traballo que se vai desenvolver no 3º trimestre:**

- Reforzo xeral do impartido nas avaliacións 1ª e 2ª.
- Implementación de contidos pendentes de abordar na fase presencial: 1 autor literario e a proporción correspondente en derivación, toponimia e locucións.
- Recuperación daquelas aprendizaxes non consolidadas suficientemente por todo o alumnado.
- Recuperación do alumnado con avaliacións suspensas.
- O traballo centrarase con carácter xeral en:
  - a) Análise e tradución de textos de EUTROPIO.
  - b) Temario de literatura. Repaso de 4 autores e xéneros e implementación de 1 xénero co seu ator representativo (teatro)
  - c) Temario de toponimia. Repaso e implementación (33 %).
  - d) Temario de derivación. Repaso e implementación (33 %).
  - e) Temario de locucións. Repaso e implementación (33 %).

### **Criterios de avaliación adaptados ás circunstancias especiais da 3ª avaliación:**

De acordo co antedito e en consonancia coas instrucións recibidas, o departamento realiza a seguinte adaptación da programación neste nivel identificando e valorando especialmente as aprendizaxes máis relevantes e competencias imprescindibles para asegurar a continuidade do proceso formativo do alumnado, baseándonos nos principios de reforzo e consolidación das aprendizaxes adquiridas nos dous primeiros trimestres deste curso, e tendo como obxectivo fundamental deste 3º trimestre o fomento das rutinas de traballo e o hábito de estudo. De todo isto despréndese que neste trimestre só se vai ampliar aqueles apartados que xa estaban avanzados antes da finalización do período presencial ou iniciados (por vía telemática) antes do 30 de marzo e, conseguintemente, con anterioridade á publicación das instrucións do 27 de abril.

### a) Identificación de aprendizaxes para o 3º trimestre do curso 2019-2020

Os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que se van empregar son os seguintes (continuidade e reforzo das dúas primeiras avaliacións), de acordo cos bloques temáticos establecidos como centros de traballo en referencia á ABAU:

BLOQUE 1. TEXTOS	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.1. Realizar a tradución de textos latinos orixinais.</li> </ul>	LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.2. Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto.</li> </ul>	LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.
BLOQUE 2. A MORFOLOXÍA	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Coñecer as categorías gramaticais.</li> </ul>	LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.</li> </ul>	LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións, axudándose do dicionario.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas.</li> </ul>	LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Identificar, declinar e traducir todas as formas nominais e pronominais.</li> </ul>	LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións, axudándose do dicionario.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Identificar, conxugar, traducir e de todas as formas verbais.</li> </ul>	LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións, axudándose do dicionario.
BLOQUE 2.B SINTAXE	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos.</li> </ul>	LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas.</li> </ul>	LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos.</li> </ul>	LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaas para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas.</li> </ul>	LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.5. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo.</li> </ul>	LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.
BLOQUE 3. LITERATURA	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas.</li> </ul>	LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.
Bloque 4. O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.</li> </ul>	LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.</li> </ul>	LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos.</li> </ul>	LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes e explica o seu significado a partir do termo de orixe.

### b) Identificación de competencias imprescindibles para o 3º trimestre do curso 2019-2020

COMPETENCIA	PONDERACIÓN
Competencia en comunicación lingüística (CCL)	70%
Competencia aprender a aprender (CAA)	15%
Competencia dixital (CD)	5%
Competencia conciencia e expresións culturais (CCEC)	5%
Competencia en matemáticas, ciencias e tecnoloxía (CMCCT)	5%

## 2. CONTIDOS DE REPASO (CONSOLIDACIÓN), REFORZO E /OU AMPLIACIÓN (Período: 3º trimestre 2019/2020)

### 2.1 Identificación de contidos para reforzo, repaso e recuperación no 3º trimestre do curso 2019-2020

<b>BLOQUE 1. TEXTOS</b>
Tradución de textos latinos.
<b>BLOQUE 2.a MORFOLOXÍA</b>
Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.
Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo .
<b>BLOQUE 2.b SINTAXE</b>
Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.
Tipos de oracións e construcións sintácticas
Oración composta: coordinación e subordinación.
Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo
<b>BLOQUE 3 LITERATURA</b>
Xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia
<b>BLOQUE 4. O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO</b>
Etimoloxías
Locucións e expresións latinas
Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.

## 2.2 Unidades didácticas de recuperación e reforzo

Ud.	Título	Descrición do contido	Sesións
1	Textos latinos	Análise e tradución de textos	20
2	Literatura latina	Xéneros literarios e autores representativos: <ul style="list-style-type: none"><li>• Épica: Virxilio</li><li>• Historiografía: T. Livio</li><li>• Lírica: Horacio</li><li>• Oratoria: Cicerón</li></ul>	3
3	Toponimia	66% de lista pechada	1
4	Derivación	66% de lista pechada	1
5	Locucións latinas	66% de lista pechada	1
TOTAL			26

## 2.3 Unidades didácticas de avance ou ampliación

Ud.	Título	Descrición do contido	Sesións
1	Literatura latina	<ul style="list-style-type: none"><li>• Teatro: Plauto</li></ul>	1
2	Toponimia	<ul style="list-style-type: none"><li>• 33% de lista pechada</li></ul>	1
3	Derivación	<ul style="list-style-type: none"><li>• 33% de lista pechada</li></ul>	1
4	Locucións	<ul style="list-style-type: none"><li>• 33% de lista pechada</li></ul>	1
TOTAL			4



### 3. DESEÑO DAS ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, REFORZO E/OU AMPLIACIÓN (Período: 3º trimestre 2019/2020)

#### 3.1 Principios de adaptación

- Desenvolvemento de actividades a través das ferramentas que mellor poden efectuar un seguimento do alumnado.
- Planificación de tarefas para o período telemático da 3ª avaliación: Redución significativa do tempo de dedicación semanal ás tarefas, co fin de que teñan suficiente tempo para o resto das materias e para lecer:
  - a) Máximo de 3 tarefas semanais (2 sobre tradución e 1 sobre teoría).
  - b) Tempo máximo previsto de dedicación semanal: **150 minutos semanais**
  - c) Redución experimentada con respecto á modalidade presencial: (redución de como mínimo 1/4 da actividade semanal en período presencial)
- O profesor contactará individualmente co alumnado que teña que recuperar coñecementos de avaliacións anteriores para concretar e establecer as tarefas de recuperación. Para aquel alumnado que nas avaliacións presenciais teña resultado negativo realizaranse (en principio, por vía telemática) tarefas de recuperación adaptadas e tendo en conta a situación actual (medios utilizados) para a súa realización.
- Previsión de realizar 2 probas obxectivas avaliáveis (en principio, por vía telemática). Para estes efectos, terase en conta que o resultado obtido nestas probas non poderá afectar negativamente aos resultados xa obtidos polo alumnado nas dúas primeiras avaliacións presenciais.

#### 3.2 Medios utilizados

- Correo electrónico proporcionado polo alumnado no inicio de curso: neste nivel, o número de alumnado que o utilizou durante o período de confinamento foi de 15/16
- Classroom da materia con contidos e actividades formativas adaptadas: neste nivel, o número de alumnado que o utilizou durante o período de confinamento foi de 14/16 na fase inicial, por problemas técnicos e de conexión ; e finalmente foi de 16/16.
- Hangouts (en función da súa viabilidade): na primeira sesión a participación foi case dun 100%. Só un alumno non logrou conectarse por problemas: Anxo G.M. Restableceuse o contacto por outros medios.

#### 3.3 Flexibilidade e particularidade de uso por parte do alumnado:

- As tarefas poden presentarse con certo retraso respecto da data inicial establecida.
- Distribución por días de clase semanal, cunha redución temporal sensible de dedicación entre o período presencial e período non presencial.
- Oportunidade, para o alumnado, de enviar conxuntamente as actividades dun período semanal.

## 4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO

### 4.1 PROCEDEMENTO PARA CALCULAR A CUALIFICACIÓN FINAL NA CONVOCATORIA ORDINARIA

#### 4.1.1 Instrumentos e procedementos de avaliación para aplicar na obtención de nota de cualificación parcial no 3º trimestre:

- **Instrumentos:**

a) Actividades xerais realizadas polo alumnado vía telemática: entrega por parte do alumnado, corrección do profesor e devolución.

b) Actividades (vía telemática) específicas realizadas polo alumnado, valoradas cuantitativa e obxectivamente: debidamente entregadas, corrixis e devoltas. Como mínimo haberá 1, e como máximo, 2. No caso de ser 2, aplicarase a media resultante.

- **Procedementos:**

As actividades xerais e específicas (con valoración obxectiva) do 3º trimestre suporán unha mellora e nunca unha penalización das cualificacións obtidas na 1ª e 2ª avaliacións. A cuantificación desa mellora será globalmente de 2 puntos como máximo e determinarase atendendo ao cumprimento dos seguintes apartados:

a) O alumnado entrega un mínimo do 50% da totalidade de actividades configuradas como xerais. Esta condición acreditará a mellora de 1 punto.

b) O alumnado realiza e entrega as actividades previstas como específicas e avaliáveis, obtendo nas mesmas unha cualificación mínima de 4 puntos. Esta condición acreditará a mellora de 1 punto (minorando o 50% deste total de 1 punto con cada punto de diminución na obtención da nota mínima esixida na proba: por exemplo, 3 puntos na proba significa 0,5 de mellora neste apartado, sen prexuízo da cualificación obtida no apartado a) anterior).

#### 4.1.2 Instrumentos e procedementos de avaliación para aplicar na obtención de nota final na materia:

- **Instrumentos :**

- a) Cualificación obtida na 1ª avaliación
- b) Cualificación obtida na 2ª avaliación
- c) Cualificación obtida na 3ª avaliación (só para a mellora dos resultados obtidos na 1ª e 2ª avaliacións)

- **Procedementos:**

- a) **Casuística aplicable:**

- Alumnado coa 2ª avaliación superada e a 1ª suspensa:

Este alumnado, de acordo cos principios de avaliación continua recollidos na programación do departamento, ten o curso superado ata ese momento. De acordo coas instrucións do día 27 de abril, todo o traballo que realice no 3º trimestre non penalizará os resultados obtidos no período presencial. Deste xeito, este tipo de alumnado terá como nota media da 1ª e 2ª avaliacións:

- ❖ A nota obtida na 2ª avaliación

- Alumnado coas avaliacións 1ª e 2ª aprobadas:

Este alumnado, de acordo cos principios de avaliación continua recollidos na programación do departamento, ten o curso superado ata ese momento. De acordo coas instrucións do día 28 de abril, todo o traballo que realice no 3º trimestre non penalizará os resultados obtidos no período presencial. Deste xeito, este tipo de alumnado terá como nota media da 1ª e 2ª :

- ❖ Nota media dos resultados obtidos na 1ª e 2ª avaliacións + un arredondeo decimal, de ser o caso, á nota superior, ou (de non haber decimais na nota media) incremento de 0,5 pts (co conseguinte arredondeo decimal) da nota media.

### **b) Procedemento de recuperación de partes non superadas**

Aquel alumnado que teña a 2ª avaliación suspensa (e de acordo co criterio de avaliación continua teña o curso con avaliación negativa ata ese momento) será obxecto de recuperación durante esta 3ª avaliación (por darse as actuais circunstancias excepcionais), a través dunha ou máis proba/s específica/s sobre os contidos impartidos e implementados e na que deberá resolver cuestións ligadas aos bloques de LINGUA LATINA (TEXTOS), MORFOLOXÍA E SINTAXE, LITERATURA e LEXICO. Estas probas serán na súa estrutura moi similares ás realizadas durante o período presencial. Introdúcense as seguintes modificacións:

- No bloque de LINGUA LATINA (TEXTOS): Ao alumnado presentaráselle dous textos de Eutropio dos que terá que escoller un para a súa tradución.
- No bloque de MORFOLOXÍA E SINTAXE: O alumnado deberá realizar a análise dun fragmento sinalado no texto e escollerá entre a realización de análise morfolóxica ou a análise sintáctica.
- No bloque de LITERATURA: O alumnado deberá escoller, de entre tres cuestións, a realización dunha delas.
- No bloque de LÉXICO: O alumnado deberá responder unha das tres cuestións formuladas (derivación, toponimia, locucións latinas)

A valoración de cada proba responderá, segundo cada bloque, aos criterios establecidos para esta convocatoria.

### **c) Procedemento para calcular a nota final de curso na convocatoria ordinaria**

A fórmula aplicable para a obtención da nota final na avaliación ordinaria da materia no curso 2019-2020, e unha vez realizadas as probas de recuperación do alumnado coa materia suspensa durante o período presencial, será a seguinte:

**NOTA MEDIA DAS AVALIACIÓNS 1ª - 2ª + MELLORA (de ata máximo de 2 ptos) da 3ª.**

Se desa suma sae, como mínimo, un resultado igual a 4 ptos, significará unha cualificación positiva na materia.

### 4.1.3 Criterios de cualificación

<b>Convocatoria ordinaria</b>
BLOQUE LINGUA LATINA (TEXTOS): 40 % (ofreceranse 2 textos de Eutropio para escoller 1)
BLOQUE MORFOSINTÁCTICO: 10 % (escollerase entre análise morfolóxica ou sintáctica)
BLOQUE LITERATURA: 25 % (ofreceranse 3 cuestións para escoller 1)
BLOQUE LEXICUM: 25 % (ofreceranse 3 cuestións para escoller 1)

## 4.2 CONFIGURACIÓN DA PROBA DE AVALIACIÓN DA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

### 4.2.1 Características da proba de avaliación da convocatoria extraordinaria

#### 4.2.1.1 ASPECTOS AVALIABLES:

<b>Bloque 1. TEXTOS</b>	
<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>
▪ B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos.	▪ B5.1. Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais.
▪ B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos.	▪ B5.2. Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto.
<b>Bloque 2.a. MORFOLOXÍA</b>	
<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>
▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	▪ B2.1. Coñecer as categorías gramaticais.
▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	▪ B2.2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.
▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	▪ B2.3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas.
▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	▪ B2.4. Identificar, declinar e traducir todas as formas nominais e pronominais.
▪ B2.2. Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo	▪ B2.5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais.
<b>Bloque 2.b SINTAXE</b>	
<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>
▪ B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.	▪ B3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos.
▪ B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas.	▪ B3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas.
▪ B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas.	▪ B3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en tradución de textos latinos.
▪ B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación.	▪ B3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas.
▪ B3.4. Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo	▪ B3.5. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo
<b>Bloque 3. LITERATURA</b>	
<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>
▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia.	▪ B4.2. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior.
<b>Bloque 4. O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO</b>	
▪ B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.	▪ B6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.
▪ B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria.	▪ B6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.
▪ B6.4. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina.	▪ B6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos

#### 4.2.1.2 ESTRUTURA DA PROBA

- BLOQUE LINGUA LATINA (TEXTOS) : 4 PUNTOS: Tradución dun texto de Eutropio. Ao alumnado presentaráselle dous textos de Eutropio dos que terá que escoller un para a súa tradución.
- BLOQUE MORFOLOXÍA E SINTAXE: 1 PUNTO: O alumnado deberá realizar a análise dun fragmento sinalado no texto e escollerá entre a realización de análise morfolóxica ou a análise sintáctica.
- BLOQUE LITERATURA: 2,5 PTOS: O alumno responderá a 1 cuestión de 3 presentadas sobre xéneros e autores literarios.
- BLOQUE LÉXICO: 2, 5 PTOS: O alumnado deberá responder unha das tres cuestións formuladas (derivación, toponimia, locucións latinas)

#### **4.2.1.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

Aplicaranse a esta proba os mesmos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe recollidos no apartado 1 onde se detalla a adaptación dos criterios de avaliación: punto a) "Identificación de aprendizaxes para o 3º trimestre do curso 2019-2020"

#### **4.2.2 Criterios de cualificación**

<b>Convocatoria extraordinaria</b>
BLOQUE LINGUA LATINA (TEXTOS): 40 % (ofreceranse 2 textos de Eutropio para escoller 1)
BLOQUE MORFOSINTÁCTICO: 10 % (escollerase entre análise morfolóxica ou sintáctica)
BLOQUE LITERATURA: 25 % (ofreceranse 3 cuestións para escoller 1)
BLOQUE LEXICUM: 25 % (ofreceranse 3 cuestións para escoller 1)

#### **4.3 Procedemento para o cálculo da cualificación final da proba extraordinaria**

A nota final resultante corresponderá coa suma da puntuación obtida en cada un dos apartados. Non obstante, tendo en conta as especiais características deste curso, considerarase avaliación positiva cando se acade un mínimo de 4 puntos na totalidade do exercicio.

As notas superiores a ese mínimo reflectiranse na correspondente acta de avaliación coa puntuación obtida (derivada da suma de bloques) e serán susceptibles de arredondeo decimal ao número inmediatamente superior.

#### **4.4. Data, hora e lugar de realización**

A data, hora e lugar en que se realizará esta proba extraordinaria dependerá da organización xeral do centro educativo, polo que o alumnado deberá informarse coa debida antelación no centro e/ou a través das canles que este teña establecidas para dar tal información.

### **5. CRITERIOS DE PROMOCIÓN/TITULACIÓN**

En consonancia co espírito das instrucións das autoridades educativas, ditadas ao abeiro das especiais circunstancias de confinamento e de dificultades específicas xurdidas pola modalidade de ensino non presencial, para os hipotéticos casos en que, unha vez aplicadas as pautas establecidas para a obtención de nota final, houbera alumnado que teña a materia valorada negativamente, este departamento acorda que a materia de latín non será obstáculo para a obtención de titulación do alumnado de 2º de BACHARELATO. En consecuencia, aprobarase a aquel alumnado que, mesmo obteña unha puntuación inferior ao mínimo establecido.

## **6. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo e, de ser o caso, ampliación)**

### **6.1 ACTIVIDADES**

Recóllense nos seguintes apartados e puntos deste informe:

- APARTADO 1 (Traballo que se vai desenvolver no 3º trimestre)
- APARTADO 2
- APARTADO 3 (punto 3.1)
- APARTADO 4 (punto 4.1.1)

## 6.2 METODOLOXÍA (alumnado con conectividade e sen conectividade)

Ademais do recollido no apartado 3, no que se especifica a variedade de ferramentas utilizadas para facilitar o contacto e realización de tarefas por parte do alumnado,

### **Actuacións practicadas:**

- Detección de alumnado que non se incorporou inicialmente e coñecemento das causas polas que deixou de participar nun determinado momento no ensino telemático.
- De ser o caso, informarase ao persoal titor e/ou ao centro sobre este tipo de desconexión.

### **Tipo de uso realizado polo profesor cos medios telemáticos:**

- Avisos e comunicacións
- Contactos para resolución de dúbidas
- Aclaracións sobre tarefas
- Planificación e organización do traballo
- Corrección de actividades e devolución ao alumnado cos comentarios pertinentes.

### **Tipo de uso que pode realizar o alumnado:**

- Consultas xerais
- Resolución de dúbidas concretas sobre tarefas ou explicacións
- Frecuencia de uso "ad libitum"



<b>6.3 MATERIAIS E RECURSOS</b>	
<b>Materiais e recursos</b>	<b>Descrición</b>
Dicionario de Latín (preferentemente o da Editorial VOX)	Destreza e habilidade no manexo e uso do dicionario, como elemento determinante para a tradución de textos.
Material elaborado polo departamento e xa entregado e traballado polo alumnado .	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Guía de uso do dicionario</li> <li>• Material de estudo dos temas de literatura latina (elaborado polo departamento)</li> <li>• Material de estudo dos procedementos de composición e derivación (elaborado polo departamento)</li> <li>• Material de estudo de estudo dos topónimos (elaborado polo departamento)</li> <li>• Material de estudo das locucións e expresións latinas (elaborado polo departamento)</li> <li>• Material de textos para a tradución dos autores Eutropio (elaborado polo departamento).</li> <li>• Material de apoio sobre as probas de acceso á universidade dos últimos anos na materia de Latín II (organizado polo departamento)</li> </ul>
Cambios introducidos na ABAU	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Entrega (vía correo electrónico) da información emitida polo grupo de traballo da materia e aclaracións realizadas polo profesor. Data 28 de abril de 2020.</li> </ul>

## **7. LIÑAS XERAIS DE PREPARACIÓN DO CURSO 2020/2021 (DE SER O CASO)**

Non procede realizar ningún tipo de adaptación para o curso seguinte sobre contidos non impartidos neste nivel, por razóns obvias.

## **8. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE DO DOCUMENTO**

De acordo coas instrucións recibidas (apartado 6.13 das directrices xerais), as modificacións realizadas na programación correspondente a este nivel da materia de latín:

- a) Serán enviadas á dirección do centro, para a súa publicación e o seu traslado á inspección educativa, antes do 12 de maio.
- b) Serán enviadas (en extracto) ao alumnado correspondente para o seu coñecemento e información. Medio de información utilizado: correo electrónico. Outros medios para aclaracións e resolución de dúbidas: Classroom e Hangouts (videochamadas).
- c) Serán recollidas como ANEXO na acta correspondente do departamento, co fin de deixar constancia das actividades realizadas por este durante o período de ensino por vía telemática.